

CAMPAÑA EDUCATIVA

DIRIXIDO A:

Alumnado de Bacharelato. As sesións están pensadas para un grupo-clase (non máis de 30 alumnos), xa que se pretende que sexan proveitosas e xeradoras de significados, non unha mera actividade puntual.

MATERIAL:

Para o desenvolvemento das sesións o centro deberá dispoñer de:

- Proxector de vídeo ou DVD

PARA MÁIS INFORMACIÓN E SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN:

Foro de Inmigración de Santiago

Centro Traballo e Cultura

Rúa de San Roque 6-bis. C.P.15704 – Santiago de Compostela

Tfno. 981 57 61 42

foroinmigracionsantiago@yahoo.es

Concellería de Benestar Social


U.A.M.I

Praza Camilo Diaz Baliño, 15 B

C.P.15704 – Santiago de Compostela

Tfno. 981 54 24 95

migracions@santiagodecompostela.org



XUSTIFICACIÓN:

A televisión é a que mais contribúe a proxectar, e mesmo a asentar, os contornos dos tipos sociais. A imaxe acompañada de palabras que infunden medo dende a análise sensacionalista da realidade proxectan unha “invasión” ou “avalancha” de pateras. De forma case que automática trátase de xeito diferente os sucesos negativos provocados por persoas “autóctonas” fronte aos que son debidos a persoas inmigrantes. Vulnérase mesmo a presunción de inocencia, dando por certos o que son simples rumores.

Así, o imaxinario da nosa sociedade impregnase de termos negativos á hora de pensar a inmigración: mafias, “ilegalidade”, marxinalidade, delincuencia, pobreza, sen recursos, etc..

Pero é posible, e mesmo imprescindible, outra visión da inmigración. Desexamos humanizar un discurso en exceso catastrofista. Dotalo de trazos positivos.

OBXECTIVOS:

Xerais:

- Achegar ao alumnado dun xeito crítico e razoado ao fenómeno da inmigración.
- Conseguir a implicación afectivo-actitudinal do alumnado na convivencia e na construción dunha sociedade integradora e intercultural.

Específicos:

- Estudar o léxico que se emprega cando se fala de inmigración (actitude; prexuízo; estereotipo; discriminación; racismo; xenofobia; multicultural; intercultural, regularización) e que saiban da importancia do correcto uso das palabras á hora de definir ás persoas.
- Reflectir por escrito e con sinceridade as sensacións que espertan as imaxes que contemplan na proxección prevista.

METODOLOXÍA:

O programa desenvolverase en unha ou dúas sesións de aproximadamente dúas horas que deberán coincidir na mesma semana ou, como moito, en dúas semanas consecutivas.

▪ 1ª SESIÓN (1 hora e 40 minutos)

O primeiro paso, sen que exista influencia pedagóxica que limite o natural comportamento do alumnado, facilitarase un cuestionario-tipo inicial que permitirá contrastar unha serie de fenomenoloxías asociadas ás persoas inmigrantes. Acto seguido, unha vez recollidos os cuestionarios, visionaremos os distintos documentos de ficción seleccionados.

Na proxección de 53 mins, obsérvanse moitas das boas e malas respostas ante o fenómeno da inmigración, a súa multicausalidade:

- Después de la boda (20 mins)
- Hijos de un mismo hombre (10 mins)
- Diario de Motocicleta (10 mins)
- Amigo no gima (13 mins)

Unha vez finalizada a proxección, animaremos o debate a partir dunha serie de cuestións tanto de orde conceptual como práctico poñendo énfase no ollado.

Ao remate do debate entregarase un cuestionario-tipo final para comprobar se houbo cambios con respecto ás respostas facilitadas no cuestionario inicial e permitirá tamén valorar na súa debida medida se algúns conceptos foron correctamente apprehendidos.

▪ 2ª SESIÓN (Opcional)

Continuando coa reflexión da xornada anterior, nesta sesión preténdese que o alumnado adopte unha postura persoal ante as situacións expostas e, a partir dela, propor e levar a cabo accións que contribúan á construción dunha sociedade integradora e intercultural.

Para concluír expresarán todo o vivido nun obradoiro creativo (debuxos, chapas, pins, chaveiros...) de forma que simbolicen o reflexionado e aprendido.

En todo momento, a persoa responsable e guía terá que procurar que o diálogo flúa con soltura e sen obstáculos. Débese conseguir que alumnos e alumnas se expresen con total liberdade...dentro dun espazo de respecto.